

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE MAIO DE 2019 DA  
UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN  
AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SELECCIONADOS/AS,  
EN LISTA DE AGARDA E NON SELECCIONADOS/AS  
NO CADRO DA CONVOCATORIA DE BOLSAS  
ERASMUS + ESTUDOS PARA O CURSO 2019-20**

Publicada a Convocatoria de bolsas Erasmus+ Estudos para o curso 2019-20 por Resolución Reitoral do 6 de febreiro de 2019, e unha vez recibidas as resolucións e os criterios de selección dos centros da Universidade de Vigo, acórdase ditar a seguinte

**RESOLUCIÓN**

1. Outórganse aos/as estudantes desta Universidade que figuran no Anexo I as axudas Erasmus+ convocadas por Resolución Reitoral do 6 de febreiro de 2019.
2. Publícase unha lista de agarda no anexo II.
3. Publícase unha relación de estudantes non seleccionados/as no anexo III.
4. A concesión da bolsa Erasmus+ da Universidade de Vigo queda pendente de:
  - 4.1. Presentación da aceptación ou renuncia da bolsa ao enderezo [outgoing.ori@uvigo.es](mailto:outgoing.ori@uvigo.es) no prazo de 10 días hábiles (data límite: 16 de maio de 2019). A non presentación da carta de aceptación no prazo establecido supoñerá a renuncia á bolsa concedida.
  - 4.2. Admisión do/a estudante por parte da universidade de destino.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización  
e Cooperación  
(asinada electronicamente por)

María Isabel Doval Ruiz

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800117s19N0000053

CSV

GEISER-55f8-fb4d-6f7d-42be-9ce6-1fb5-b70c-4578

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

02/05/2019 14:22:12 Horario peninsular

Validez del documento

Original

